


# CELEBRACIÓN DO DÍA DE TODOS OS SANTOS EN OS COTOS (na casa)

31 de outubro - 1 de novembro do 2020



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a fe en familia, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A celebración de hoxe é celebrar o triunfo do proxecto de Xesús, o feito de que a súa sementeira non foi de balde. As súas Benaventuranzas valeron a pena e convertéronas en vida moitos homes e mulleres ao longo dos tempos.

Por iso nun mundo coma o noso no que hai tanta escaseza de ledicia e de optimismo, a festa de hoxe invítanos a todos a ter folgos: o camiño que seguimos, crendo en Cristo, non é un camiño escuro ou sen final, é o camiño que nos leva á plenitude da vida.

Que a celebración que agora comezamos nos faga sentir a ledicia de camiñar en familia, e da man, con todos eses homes e mulleres que quixeron ser benaventurados, que quixeron amar, que quixeron manter acesa a luz do Evanxeo na súa vida de cada día.

Hoxe tamén queremos compartilo con todas as persoas que están facendo ben, e tanto ben, nestes días da COVID-19.

## ACTO PENITENCIAL E COMPROMISOS

**Celebrante:** *Busquemos dende xa a Cristo e invoquemos a súa misericordia. Con El á nosa beira atrevémonos a pedir perdón:*

### **Monitor/a**

- Ti dixeches benaventuradas todas as persoas que traballan pola paz, perdoa os nosos enfrontamentos. Señor, téndenos a túa man
- Ti dixeches benaventurados os que teñen espírito de pobres, perdoa as veces que só miramos por nós e non somos capaces de mirar polos demais. Cristo, téndenos a túa man
- Ti dixeches benaventurados os famentos e sedentos de xustiza, perdoa as veces que non somos responsables cos nosos feitos, e nin nos coidamos nin somos coidadosos nestes tempos de pandemia. Señor, téndenos a túa man

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Presentámoslle a Deus Pai o noso agradecemento por todas as persoas benaventuradas que nos temos atopado na vida (podemos dicir en alto o nome destas persoas das que nos estamos acordando).*

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai,

Ti concédesnos venerar os méritos de todos os Santos nunha soa festa.

Fai que pola intercesión de tantos valedores se cumpran os nosos desexos de conseguir a abundancia da túa paz, con Xesucristo, teu fillo, noso Señor e irmán que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### **Monitor/a:**

*Dende o seu amor, Deus acóllenos coma fillos e fillas, e invítanos a vivir coma tales no camiño das benaventuranzas.*

*Moitas persoas, dende as súas limitacións, viviron esta boa nova, e hoxe a nós tamén se nos convida a ser benaventurados. Escoitemos.*

## LECTURA DA CARTA DE SAN XOÁN

Benqueridos irmáns e irmás:

Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade. Por iso o mundo non nos reconece: porque tampouco non o reconeceu a El.

Meus amigos, xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma El, xa que o veremos tal e como é.

Todo o que ten posta en Xesús esta esperanza, trata de vivir unha vida limpa, para ser limpo coma El.

## Palabra do Señor

♪ n° 50 *Na tardiña baixa da vida*

SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO  
SEGUNDO MATEO

Daquela, vendo Xesús a multitude, subiu ao monte e sentou. Achegáronselle os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

Ditosos os que teñen espírito de pobres, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos os que choran, porque eles serán consolados.

Ditosos os non violentos, porque eles herdarán a terra.

Ditosos os famentos e sedentos de xustiza, porque eles ficarán fartos.

Ditosos os misericordiosos, porque eles acadarán a misericordia.

Ditosos os de corazón limpo, porque eles verán a Deus.

Ditosos os que traballan pola paz porque eles serán chamados fillos de Deus.

Ditosos os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa: alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos Ceos.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Quen é BENAVENTURADO e feliz de verdade:

- quen fai ben, mesmo sen esperar nada a cambio
- quen pon un sorriso á vida, e mira máis o que ten de bo que o que ten de dificultade
- quen fai o mellor por coidarse e por ser coidadoso cos demais
- quen ten esperanzas e soños, e non se deixa levar das rutinas

(en pé)

### PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Cristo convídanos a proclamar a súa mesma confianza en Deus, e ao longo da historia son moitos os homes e as mulleres que proclamaron a mesma fe que agora queremos confesar nós en familia.  
Dicimos:

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

#### Monitor/a

Credes en Deus Pai e Nai,  
que nos creou á súa imaxe e semellanza para amar?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús,  
irmán de todos e todas,  
que demostrou que as benaventuranzas  
son o camiño que nos achega ao Reino do ceo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo,  
que alenta no corazón  
para sermos benaventurados segundo o evanxeo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa,  
familia de todos os homes e mulleres que en comunidade  
queren ser testemuñas do amar de Deus?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Xunto con tantos parentes e amigos nosos que están onda Deus Pai, oremos dicindo:*

### ESCÓITANOS PAI

#### Monitor/a

- ✓ Pedímosche Señor para que a Igrexa valore, e saiba mostrar á comunidade a vida xenerosa, entregada, solidaria e comprometida de tantos cristiáns que pasan polo mundo servindo e vivindo o evanxeo, oremos
- ✓ Pedímosche Señor por todas as persoas de calquera relixión, condición e cultura que fan da súa vida un camiño de amor, oremos
- ✓ Pedímosche Señor polas familias, para que vivamos as benaventuranzas proclamadas por Xesús nun mundo que en moitos casos busca os valores contrarios, oremos
- ✓ Pedímosche Señor por nós para que a pesares dos atrancos e fracasos nos coidemos e sexamos coidadosos nestes tempos da COVID-19, oremos

**Celebrante:** *Escoita Señor e fai que algún día disfrutemos da túa presenza cos familiares, amigos e veciños que o fixeron ben, e que xa nos deixaron no Camiño da Vida. Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Ao Deus de todos, ao Deus que ofrece a súa man e o seu corazón de Pai, ao Deus que nos amosa en Xesús todo o seu amar, rezámoslle dicindo*

NOSO PAI ...

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *O Evanxeo de Xesús que nós transmitimos é unha opción fundamental pola xustiza e a caridade loitada con todos os homes e mulleres. Así mostramos os nosos esforzos por sermos cristiáns crentes e cribles como o fixeron Todos os Santos.*

## NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *o Evanxeo amósanos o amor que Xesús nos ten, tanto como para dar vida e dala por todos. Participemos comprometéndonos para construír o mundo de irmandade desexado por Xesús no que o máis importante son as persoas.*

*Sintámonos ditos pois somos agora convidados a facer realidade as benaventuranzas.*

**CANTO** 🎵 *No colo da miña nai  
ou Benaventurados*

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Oremos

Señor, proclamamos a túa gloria e adoramos a túa santidad única, que brilla en Todos os Santos. Santifícanos coa plenitude do teu amor e fainos pasar desta terra de peregrinos ao teu Reino do ceo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Deus, concédenos hoxe celebrar festa, El que é a gloria e a alegría de Todos os Santos, nos dea a súa bendición. Amén.*

*Que a intercesión de Todos os Santos nos libre dos males presentes e que o seu exemplo nos estimule no servizo de Deus e dos irmáns. Amén.*

*A igrexa alégrase de que moitos dos seus fillos acaden a alegría dos Santos e a paz. Que tamén nós poidamos disfrutar esa alegría e esa paz. Amén.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor, por intercesión de Todos os Santos nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*



O soño de Xesús é que nós sexamos capaces de facer realidade as **BENAVENTURANZAS**